

D I T A M E

Ditame
3/07

sobre o proxecto de
Decreto polo que se regula a
**Xunta Consultiva de
Contratación Administrativa**
da Comunidade Autónoma de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 23 DE ABRIL



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

■ ANTECEDENTES

1.- Con data 23 de febreiro de 2007, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio da Consellería de Economía e Facenda sometendo á consideración deste organismo o borrador do proxecto de Decreto polo que se regula a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, para que polo Consello se emitira ditame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes económicos e sociais representados neste organismo no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador do Decreto foi remitido en data 23 de febreiro de 2007 ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2, *Sector público e benestar social*, competente para emitilo ditame por razón de materia. Á vez, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da citada entrada e remisión do texto do borrador.

3.- Nesa mesma data, o presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o luns 5 de marzo, co fin de inicia-lo traballo de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- Tras o estudio do texto remitido pola Consellería, a Comisión Sectorial 2ª na súa sesión 3/07, de data 29 de marzo, aprobou a proposta de ditame e remitiuna ao Presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O Pleno do Consello, na súa sesión 2/07, celebrada o 23 de abril, aproba o seguinte :

DITAME

Sobre o proxecto de Decreto polo que se regula a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O proxecto obxecto de Ditame está composto por 13 artigos, unha Disposición Adicional, unha Disposición Derrogatoria e dúas Disposicións Finais.

No presente proxecto de Decreto créase e régúlase a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, como un órgano consultivo, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, con funcións asesoras e de tutela da lexislación vixente, á vez que se pretende que constitúa un instrumento útil para a elaboración de proxecto de disposicións legais, a adopción das medidas necesarias para a adecuada coordinación da contratación e a normalización dos instrumentos contractuais da Comunidade Autónoma.

■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O Consello Económico e Social de Galicia considera importante a solicitude de ditames facultativos para aqueles decretos con incidencia económica e social, como é a solicitude de ditame sobre o proxecto de Decreto polo que se regula a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

2.- O CES valora positivamente a tramitación do presente proxecto de Decreto, e a creación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, órgano consultivo xa existente na práctica totalidade das Comunidades Autónomas, ao abeiro da posibilidade atribuída ás Comunidades Autónomas polo artigo 10.3 do Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

O CES entende positiva a tramitación do presente proxecto de Decreto xa que, por unha banda, a creación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa na Comunidade Autónoma de Galicia pode ser un instrumento eficaz e áxil para a tramitación de procedementos como clasificacións,

revisión de clasificacións e informes tanto preceptivos como facultativos, que antes correspondían á Xunta de Contratación Administrativa estatal, e, por outra banda, porque a creación da devandita Xunta na Comunidade Autónoma galega supón avanzar no achegamento da Administración á cidadanía.

3.- Tal como se expón no artigo 1 do presente proxecto de Decreto, o obxecto primordial do proxecto sometido a ditame é a creación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia. En base ao sinalado, o CES considera que se debería modificar o título da norma, de xeito que se recollese como Decreto polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia, e se regulan a súa composición e funcións.

4.- Na exposición de motivos do presente proxecto de Decreto, sinálase que a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma, configúrase como un órgano con funcións asesoras e de tutela.

O CES entende que o órgano que se crea no presente proxecto de Decreto é eminentemente consultivo, carácter que se desprende da definición establecida no artigo 1 do presente proxecto de Decreto, e ao que se engaden as funcións asesoras e de tutela; polo que se considera oportuna a inclusión do adxectivo “consultivo” na dita frase da exposición de motivos, quedando redactada do seguinte xeito:

“A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia configúrase coma un órgano consultivo con funcións asesoras e de tutela da lexislación vixente(...)”

5.- O CES entende que, tal como se establece na normativa estatal así como na de diferentes Comunidades Autónomas, se a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ten entre as súas competencias a de acordala clasificación e revisión de clasificacións para os contratos, debería estudarse a posibilidade de que a devandita Xunta de Contratación sexa a encargada de xestionar o rexistro de contratistas; co que, en opinión do CES, poderíase obter economías de escala e unha maior eficacia e eficiencia na xestión de recursos públicos.

O CES considera que a xestión do Rexistro Público de Contratos, creado polo Decreto 198/1995, de 16 de marzo, debería establecerse de forma explícita como unha das funcións da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa

Finalmente, en opinión do CES, a inclusión dentro das funcións da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da xestión do Rexistro de Contratos, facilitaría a realización da memoria anual que o proxecto de decreto inclúe como obriga da Secretaría Xeral da Xunta Consultiva no artigo 13 do Proxecto de Decreto obxecto de ditame.

6.- O CES considera fundamental o uso correcto do idioma nos textos oficiais, polo que se solicita que se aplique a normativa vixente en materia de normalización lingüística. Neste senso, propónse a eliminación da letra “j)” das clasificacións do presente proxecto de Decreto por non existir no noso idioma.

7.- O CES remítese ao que en relación ao vocablo “departamento” expresou na consideración 14 do Ditame 7/06, do 21 de xuño, na que se indicaba que *“a indeterminación do vocablo “departamento” (que deriva do francés Département) pode inducir a confusión dado que o mesmo pode referirse por igual á Consellería competente por razón da materia ou á Dirección Xeral”* (sic), polo que se propón a súa substitución no presente proxecto de Decreto polo organismo que corresponda.

■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O CES considera que na **exposicións de motivos** do presente proxecto de Decreto, no seu último parágrafo, debería figurar que o presente proxecto de Decreto foi sometido a ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

2.- O **artigo 2** do presente proxecto de Decreto regula as funcións da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

O CES considera que no presente artigo 2 de funcións da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, debería engadirse un novo apartado no que se incluíse como función da devandita Xunta de Contratación a de velar polo cumprimento da lexislación de contratos e dos principios básicos de publicidade e concorrência.

3.- O **artigo 4** do proxecto de Decreto sometido a ditame deste Consello, establece a composición do Pleno da Xunta Consultiva.

O apartado 1 do artigo 4 establece que a Presidencia estará desempeñada pola persoa titular da presidencia da Xunta Consultiva.

O CES considera que, en coherencia co establecido no apartado 2 do presente artigo 4 para as Vicepresidencias, o apartado 1 do artigo 4 debería modificar a súa redacción no seguinte senso:

“1. Presidencia: a persoa titular da Secretaría Xeral da consellería competente en materia de economía”.

No **apartado 3a)** do citado **artigo 4**, inclúese como vogais do Pleno a unha persoa designada entre funcionarios/as con tarefas relacionadas coa contratación administrativa, que polo menos ostente o cargo de xefe de servizo, por cada un dos departamentos da Xunta de Galicia.

O CES considera que, en coherencia co establecido na exposición de moti-

vos do proxecto de Decreto, estes vogais deberían ser nomeados pola especial experiencia e demostrada preparación e competencia en materia de contratación administrativa, ao marxe do cargo de libre designación que ostenten.

4.- O artigo 6 do proxecto de Decreto sometido a ditame do Consello regula as competencias do Pleno e da Comisión Permanente da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CES entende que, a efectos dunha maior claridade da norma, sería conveniente separar as funcións do Pleno e da Comisión Permanente da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa .

O **apartado 1** do **artigo 6** establece que lle corresponde ao Pleno emitir os informes dos apartados a) e b) do artigo 22 e aprobar a memoria anual, deixando para a Comisión Permanente o coñecemento daqueles asuntos que non correspondan ao Pleno, segundo o disposto no apartado 1 do artigo 6.

Dada a redacción do citado artigo, enténdese que a competencia exposta no apartado 6 do artigo 2, referida á elevación ao/á Conselleiro/a de Economía e Facenda da memoria anual sobre a xestión contractual da Comunidade Autónoma, corresponde á Comisión Permanente da Xunta Consultiva. Para maior claridade da norma, o CES considera que esta competencia debería figurar de forma expresa dentro das competencias da Comisión Permanente da Xunta Consultiva.

5.- O artigo 11 do proxecto de Decreto remitido a ditame deste Consello regula o réxime de petición de informes á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CES considera que se debería de engadir un segundo apartado no presente artigo 11, no que se establecese que as autoridades mencionadas no apartado anterior deben poñer a disposición da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa cantos antecedentes, documentos e datos se estimen convenientes pola mesma a efectos de emitir o oportuno informe.

6.- O CES propón a incorporación dunha nova Disposición Final na que se regule o prazo no que deberá de constituírse a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, trala entrada en vigor do Decreto.

■ VOTOS PARTICULARES

Voto particular que formulan os conselleiros e conselleiras do CES en representación de **CIG, CCOO, UGT** (Grupo Primeiro) e **SLG, C.G. Consumidores e Usuarios e Universidade da Coruña** (Grupo Terceiro) ao Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regula a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

Na Comisión Sectorial de Sector Público e Benestar Social, que elaborou este ditame, manifestouse por parte da representación da CEG unha consideración que finalmente non se aceptou pola Comisión, por seis votos en contra e dous a favor. Consistía esa consideración na modificación da composición da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, incluíndo na mesma a catro persoas en representación da organización empresarial intersectorial máis representativa no ámbito de Galicia.

Por parte de quenes subscribimos este voto particular, quérese manifestar que a non aceptación desta consideración sostense nos seguintes aspectos:

a) O artigo 4.3.f) prevee a participación como vocais de “*Dúas persoas representantes das organizacións empresariais de sectores afectados pola contratación administrativa, con coñecementos na materia, designadas polo titular da Consellería de Economía e Facenda, por proposta daquelas*”.

b) A participación prevista nese precepto, entendemos que non responde a razóns de “*representación institucional das organizacións sociais*”, senón que se trata da inclusión neste órgano administrativo dunha representación de sectores afectados pola contratación administrativa, é dicir, das empresas proveedoras de bens ou servizos á Administración e das executoras de obra pública. De entenderse o contrario, resulta obvio que a lexislación laboral, da que emana a representación institucional, obrigaría á inclusión, polo menos, das organizacións sindicais que ostentan a condición legal de maior representatividade.

c) En canto ao número de vocais, entendemos que está suficientemente xustificado que sexan só dous. Neste sentido, os órganos administrativos semellantes que existen noutras comunidades autónomas, cando preveen a presenza de representantes dos sectores afectados pola contratación administrativa –non en todos os casos existe esta representación–, o fan cun máximo de dous representantes.

Voto particular que formula a representación da
Confederación de Empresarios de Galicia (Grupo II)
ao Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regula a
Xunta Consultiva de Contratación Administrativa

ARTICULADO

1.- Artigo 4.3. letra f e disposicións concordantes.

Sinálanse como vocais do pleno da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa “*Dúas persoas representantes das organizacións empresariais de sectores afectados pola contratación administrativa, con coñecementos na materia, designados polo titular da Consellería de Economía e Facenda, por proposta daquelas*”.

O 5 de febreiro de 2007 asinouse o Acordo sobre o Anteproxecto de Lei de Participación Institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, dentro do proceso de Diálogo Social iniciado coa Declaración institucional polo Diálogo Social en Galicia firmada o 5 de

novembro de 2005. Este acordo establece a regulación do marco da participación institucional das **organizacións sindicais e empresariais intersectoriais galegas máis representativas** en entidades e organismos públicos integrados na Administración da Xunta de Galicia.

Sínálase neste acordo que se entende por participación institucional o exercicio de tarefas e actividades de promoción e defensa no seo da Administración autonómica, os seus organismos e empresas públicas, dos intereses xerais, comúns, sectoriais e intersectoriais que corresponden a todos os traballadores e traballadoras e **aos empresarios e empresarias**, e por outra que a participación institucional establecida nesta lei será de aplicación respecto dos órganos de asesoramento e participación, e nos termos en que a normativa específica de cada entidade ou organismo público así o estableza, incluíndo todas aquelas entidades e organismos públicos que teñan competencias de desenvolvemento autonómico, **políticas sectoriais, sociais e, en xeral, calquera outra competencia que, pola súa relevancia socioeconómica**, se considere conveniente axear aos mecanismos de participación institucional que regula esta lei.

A Contratación Administrativa ten unha indudable relevancia socioeconómica e afecta e pode afectar á maior parte dos sectores da nosa economía, a través das distintas modalidades desta.

Debe terse en conta que tamén nas normas doutras comunidades autónomas alúdese ás organizacións empresariais máis representativas, así e como exemplo o Decreto 93/2005, do 29 de marzo, polo que se regula a organización e funcións da Comisión Consultiva de Contratación Administrativa de Andalucía que establece a designación polas **organizacións empresariais máis representativas** na Comunidade Autónoma de Andalucía.

Por estes motivos entende a representación do Grupo Segundo do CES-Galicia que debería aproveitarse a tramitación do proxecto de Decreto para adaptalo ás disposicións do acordo mencionado.

Por outra banda, e tendo tamén en conta que a xunta consultiva estatal está composta por catro vocais das organizacións empresariais¹, propónse a modi-

1) O Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas (BOE do 26 de outubro de 2001) e a orde EHA/4314/2004 (BOE do 3.1.2005) modificaron a composición dos órganos colexiados integrados na Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

ficación do mencionado precepto no sentido seguinte:

“Catro persoas representantes da organización empresarial intersectorial máis representativa no ámbito de Galicia, con coñecementos na materia da contratación administrativa, que serán designados polo titular da Consellería de Economía e Facenda, por proposta daquela”.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2007

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano